

INFORME- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Visto o Decreto núm. 7876/2025, do 12 de agosto de 2025, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o Informe- proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da ordenanza fiscal núm 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, asinada pola Xefa do Servizo de Facenda Local na data de 04/09/2025 co conforme do Excmo. Sr. Alcalde, don Miguel Fernández Méndez, en suplencia do Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude de data 05/09/2025.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica de data 10/09/2025.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica de data 10/09/2025.

Visto o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica da Ilma. Sra. dona Ana González Abelleira, tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do Ilmo. Sr. don Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, de data 10/9/2025.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 11/09/2025.

Visto o informe xurídico do Vicesecretario accidental do Concello de Lugo de data 12/09/2025.

Visto o informe da Xefa de servizo de fiscalización previa e función interventora mailo Interventor Xeral Municipal de data 15/09/2025.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

1) Modifícase o apartado 2 do artigo 3, que queda redactado como segue:

“2. División de cotas por cotitularidade.

Os recibos e liquidacións tributarias emitiranse a nome de quen apareza como primeiro titular do dereito constitutivo do feito imponible no Padrón remitido pola Dirección Xeral do Catastro. Sen embargo, cando un inmovble pertenza a dous ou máis titulares, calquera deles poderá pedir a división da cota tributaria sempre que previamente se incorporase a relación de cotitulares á Dirección Xeral do Catastro. A división terá lugar no padrón inmediatamente posterior a aquel no que se solicite a división e se manterá nos sucesivos mentras non se solicite a modificación.”.

2) Modifícase o apartado 1 do artigo 4, que queda redactado como segue:

1) Ademais das exencións previstas no texto vixente do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécese a exención dos inmoables rústicos cando a cota líquida agrupada correspondente a cada suxeito pasivo sexa inferior a 3,60 €. Igual exención establécese para os bens inmoables de natureza urbana nos que a súa cota líquida , antes da posible división da cota, sexa inferior a 3,90 €.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Elevar ao Excmo. Concello Pleno o devandito proxecto aprobado, para a súa aprobación inicial.

Asinado dixitalmente pola Xefa do Servizo de Facenda Local, Isabel Carbonés Bosch, co conforme da Ilma. Sra. dona Ana González Abelleira, tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do Ilmo. Sr. don Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, na data que se indica á marxe.